



Concello de Campo Lameiro

BASES QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL DE DURACIÓN DETERMINADA DE 4 TRABALLADORES/AS, PARA O “SERVIZO DE MANTEMENTO E LIMPEZA DE ESPAZOS PÚBLICOS E INFRAESTRUTURAS MUNICIPAIS”, AO ABEIRO DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN MÁIS PROVINCIA) 2024.

PRIMEIRO. OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto das presentes bases regular o proceso de selección para a contratación, mediante contratos de duración determinada coas cláusulas específicas para plans de emprego e fomento da empregabilidade, de **4 traballadores** para realizar o servizo de “SERVIZO DE MANTEMENTO E LIMPEZA DE ESPAZOS PÚBLICOS E INFRAESTRUTURAS MUNICIPAIS” ao abeiro do Plan Máis Provincia 2024, Liña 3 – Emprego para a Conservación e o Funcionamento de Bens e Servizos Municipais, publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de data 03 de xaneiro de 2024, así como a creación dunha bolsa de traballo a fin de cubrir de xeito rápido e áxil devanditas prazas cando estas puidesen quedar vacantes temporalmente a consecuencia de baixas por enfermidade, maternidade ou outras circunstancias similares.

SEGUNDO. MODALIDADE DO CONTRATO

A modalidade dos contratos é a de contrato temporal, regulada polo artigo 15 do Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro.

O carácter do contrato é temporal, con duración estimada de 6 meses, dende marzo de 2024 ata decembro de 2024, de 6 meses de duración, na modalidade de contrato 505 coas cláusulas para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, de acordo co programa de activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2024.

A xornada de traballo será de 35 horas semanais, o horario será determinado en función das necesidades do servizo.

Fíxase unha retribución neta de 1.157,63 €, incluíndo o prorrateo das pagas extraordinarias.

Os postos de traballo a cubrir, a duración dos contratos así como as tarefas a realizar polo persoal seleccionado son os que se indican a continuación

Posto:	Peón forestal
Número de postos:	4
Duración do contrato:	6 meses
Xornada:	35 horas semanais
Tarefas:	Tarefas de desbroce de pistas e zonas verdes; limpeza e o acondicionamento do entorno dos grupos de Petróglifos, Limpeza de espazos públicos Tarefas de xardinería, mantemento dos edificios municipais, conservación das infraestruturas, as pequenas reparacións, limpeza das instalacións municipais, limpeza e recollida de lixo, alumeadado público, abastecemento de auga e saneamento. Intervencións nos múltiples actos destinados o





Concello de Campo Lameiro

	desenvolvemento cultural e festivo do municipio, colaboración en preparación de eventos e feiras, montaxe de carpas, así como a colocación dos anuncios e bandos municipais coa información necesaria en distintos espazos do concello; instalación de sinalización e panelería nos puntos de información, etc. Manexo de maquinaria. Outras labores relacionadas co Servizo, e en xeral labores de apoio os servizos operativos do concello.
--	---

Segundo se establece na base oitavada convocatoria do citado Plan de obras e servizos, a Oficina de Emprego correspondente remitirá a correspondente relación de candidatos, logo da selección entre estes. Así mesmo, de acordo ca citada base, a oficina de emprego será a responsable de que os candidatos cumpran cos requisitos de ser "persoas desempregadas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e que estean dispoñibles para o emprego".

TERCEIRO. CONDICIÓN DE ADMISIÓN DOS ASPIRANTES

Para formar parte nas probas de selección, será necesario reunir os requisitos establecidos no artigo 50 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia

- a) Ter a nacionalidade española, ou algunha outra que, con arranxo ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, permita o acceso ao emprego público.
- b) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa fose separada ou inhabilitada.
No caso do persoal laboral, non ser despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía.
No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.
- c) Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei se poderá establecer outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público
- d) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas. En consecuencia non padecer enfermidade nin defecto físico ou psíquico que impida o desenvolvemento das funcións do posto de traballo. Son excluíntes as lesións de corazón, pulmón ou intestinais, trastornos psicolóxicos, incapacidades do aparato locomotor, enfermidades infecciosas, a obesidade, a cegueira e a xordeira.
- e) Os traballadores deberán ser persoas desempregadas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e que estean dispoñibles para o emprego
- f) Ter sido preseleccionado pola Oficina Pública de Emprego a través da correspondente oferta de emprego

A posesión destes requisitos específicos condicionarán a admisión dos candidatos ao proceso selectivo, polo que non poderán ser obxecto de valoración posterior en ningunha das fases a





Concello de Campo Lameiro

desenvolver.

Os/as candidatos/as deberán reunir todos os requisitos do apartado anterior o día de remate do prazo para a presentación de solicitudes e conservalos, polo menos ata a data da súa contratación

CUARTA. FORMA E PRAZO DE SOLICITUDES

As solicitudes (Anexo I) requirindo tomar parte nas correspondentes probas de acceso, nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases xerais, para a praza que se opte dirixiranse ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello, presentaranse no Rexistro Electrónico Xeneral deste Concello ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo indicado na carta remitida pola Oficina de Emprego, e aportando a seguinte documentación:

- Solicitud segundo o modelo Anexo I das presentes bases, nas que as persoas aspirantes manifestarán que reúnen todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos dirixiranse ao Alcalde da Corporación e presentaranse no rexistro xeral deste concello

Forma parte da solicitude a declaración xurada contida na mesma, de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións inherentes ao posto de traballo e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin atoparse inhabilitado/s para o exercicio de funcións públicas, nin estar incuso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade, que determinen as disposicións vixentes. Esta declaración xurada enténdese sen prexuízo de ter que acreditalo tamén de xeito documental no caso de que así o solicitase o Tribunal.

- Documento Nacional de Identidade, ou a tarxeta acreditativa da súa identidade, expedida polas autoridades competentes no caso de cidadáns comunitarios. (orixinal e copia para ser cotexada no rexistro do concello)
- Documento de afiliación á Seguridade Social (orixinal e copia para ser cotexada no rexistro do concello)
- Tarxeta de inscrición como demandante de emprego
- Vida laboral
- Declaración xurada do cumprimento dos criterios sociais.
- Carta de presentación da Oficina de Emprego.
- Acreditación documental dos méritos: Certificado de minusvalía, libro de familia etc

En relación con estas declaracións xuradas cómpre subliñar que os/as candidatos/as:

- Autorizan expresamente ao Tribunal cualificador a solicitar, no seu caso, calquera documentación que considere oportuna para acreditar e/ou validar os datos contidos nestas declaracións
- Responsabilízase expresamente da veracidade de todos os datos que recolle a documentación aportada en xeral e, especificamente esta declaración, asumindo as posibles consecuencias derivadas da falsidade e/ou ocultación de información
- Comprométese de xeito expreso a comunicar ao Tribunal de forma inmediata e por escrito, calquera circunstancia específica de importancia para a valoración das cargas familiares e/ou novel de rendas dentro deste proceso selectivo
- No caso de que estes documentos non sexan cubertos, non se valorarán as circunstancias nelas contidas.

O requisito de ser persoa candidata remitida pola oficina de emprego de Pontevedra-Bisbarra será





Concello de Campo Lameiro

comprobado polo Concello de Campo Lameiro mediante o listado de persoas candidatas para cada posto de traballo subministrado pola propia oficina, non sendo admitido ao proceso selectivo ningunha persoa que non figure no citado listado

Os datos persoais incluídos na solicitude de participación serán tratados unicamente para a xestión do proceso selectivo, é dicir para a práctica das probas de selección e as comunicacións que deban realizarse. Cando sexa necesario publicar un acto administrativo que conteña datos persoais publicarase da forma que determina a disposición adicional sétima da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. O Concello será o responsable do tratamento destes datos.

QUINTA. TRIBUNAL CUALIFICADOR

O tribunal de selección estará integrado polos seguintes membros:

- Presidente/a
- 3 vogais
- Secretario/a

O tribunal poderá incorporar aos seus traballos asesores/as especialistas, con voz pero sen voto, cando a natureza ou as circunstancias dalgunha proba así o aconselle.

O tribunal actuará con suxeición ás bases da convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

SEXTA. PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA

As bases de selección publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello de Campo Lameiro o mesmo día da súa aprobación e ata a finalización do proceso selectivo, e estarán a disposición das persoas interesadas.

SÉTIMA. RELACIÓN DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS

Expirado o prazo de presentación de solicitudes ou que a totalidade de candidatos preseleccionados pola Oficina de Emprego presentaran a correspondente solicitude ou renuncia ao proceso de selección, a Alcaldía ditará resolución, declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos, e no último caso, o motivo de exclusión. Na devandita resolución, que se publicará no Taboleiro de Anuncios do Concello, concederá un prazo de 1 días hábiles para a emenda do motivo de exclusión.

Transcorrido o prazo de emenda de defectos, o Alcalde elevará a definitiva a listaxe provisional, no caso de non presentarse reclamacións, ou resolverá as reclamacións e declarará aprobada a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas, que se publicará no Taboleiro de Anuncios do Concello.

En caso de que non existan candidatos excluídos por causas emendables, dita lista provisional terá carácter de definitiva.

OITAVA. SISTEMA DE SELECCIÓN E PROCEDIMENTO DO PROCESO





Concello de Campo Lameiro

O procedemento de selección dos aspirantes constará das seguintes fases:

- Oposición.
- Concurso.

Neste sistema realizaranse unha ou varias probas prácticas ós/ás candidatos/as relacionadas co posto a cubrir. Así mesmo procederase á valoración dos méritos presentados polos aspirantes de conformidade co recollido nestas bases.

A) Fase de oposición

A fase de oposición consistirá na realización de 1 proba práctica e unha proba oral.

- **Proba práctica:** De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá nunha proba práctica que avaliará os coñecementos e habilidades propias do posto a desenvolver,

A proba cualificarase cunha puntuación de cero (0) a cinco (5) puntos. Os/as aspirantes que non acaden a puntuación de dous con cinco (2,5) puntos terán a consideración de non aptos e quedarán excluídos do resto do proceso selectivo

A data e lugar da realización das probas será publicada no Taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello

Os candidatos deberán acudir provistos do NIF ou, na súa falta, pasaporte ou carné de conducir, o Tribunal poderá requirir en calquera momento que acrediten a súa identidade. Serán convocados en chamamento único, quedando excluídos os que non comparezan, agás casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciados polo Tribunal. A orde de actuación dos aspirantes será alfabética.

- **Proba oral:** consistirá nunha Entrevista curricular persoal.

O Tribunal dirixirá aos/as aspirantes todas aquelas preguntas relacionadas coa proba práctica realizada ou relativas a aspectos persoais/profesionais e/ou técnicos que se consideren axeitadas para garantir a idoneidade dos aspirantes ao posto de traballo

A proba cualificarase cunha puntuación de cero (0) a cinco (5) puntos. Os/as aspirantes que non acaden a puntuación de dous con cinco (2,5) puntos terán a consideración de non aptos e quedarán excluídos do proceso selectivo

Finalizada a proba, o Tribunal procederá a valorar os méritos e servizos dos aspirantes que sexan considerados como aptos na citada fase de oposición.

B) Fase de concurso

Os aspirantes que superaran a oposición valoraráselles na fase de concurso as circunstancias persoais dos candidatos/as establecidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2024 da Deputación Provincial de Pontevedra (BOPPO Nº 2 do 03 de xaneiro de 2024)

Estas circunstancias son por orde de preferencia:

- Persoas en desemprego de longa duración
- Mulleres con baixa cualificación
- Persoas candidatas maiores de 45 anos
- Persoas mozas, especialmente con baixa cualificación
- Persoas que acrediten unha discapacidade física ou sensorial superior ao 65% ou persoas con discapacidade que presenten maiores dificultades de acceso ao mercado de traballo nos termos





Concello de Campo Lameiro

recollidos no último parágrafo do artigo 50.1 da Lei 3/2023, de 28 de febreiro, de emprego.

f) Vítimas de violencia de xénero.

g) Persoas candidatas que formen unha familia monoparental de nai ou de pai con fillas ou fillos ao seu cargo.

h) Persoas candidatas con niveis de renda máis baixa.

A efectos destas bases, considérase o cumprimento dos mencionados criterios do seguinte xeito, o cal se acreditará a través de declaración xurada presentada a través do Rexistro do Concello e dirixido ao Alcalde, acompañando á solicitude de participación:

a) Serán parados de longa duración os/as candidatos/as que leven 12 meses ou mais inscritos/as como demandantes de emprego de xeito ininterrompido na Oficina de Emprego.

b) Considerase mulleres con baixa cualificación aquelas candidatas de sexo feminino cuxos máximos estudos cursados e finalizados sexan a ESO ou equivalente.

c) Serán candidatos/as maiores de 45 anos cando superen a mencionada idade no último día de presentación de solicitudes.

d) Considéranse persoas mozas aquelas que teñan 30 anos ou menos no último día de presentación de solicitudes, e de baixa cualificación cando non dispoñan de estudos superiores á ESO ou equivalente.

e) Acreditar unha minusvalía igual ou superior ao 65% soamente acreditado co correspondente certificado de minusvalía.

f) Valorarase a condición de ser vítima de violencia de xénero no caso daquelas candidatas que o acrediten documentalmente con sentenza xudicial firme ou outros documentos acreditativos.

g) As cargas familiares acreditaranse co libro de familia nos casos de familias monoparentais con 1 ou mais fillos, ou acreditando divorcio ou separación mediante sentenza onde se recoñeza a custodia total ou compartida.

h) Considérase ter niveis de renda baixa se os ingresos totais da unidade de convivencia non supera o IPREM en 14 pagas, segundo os datos do 2023.

Puntuación

a) Persoas en desemprego de longa duración: 0.8 puntos.

b) Mulleres con baixa cualificación: 0.7 puntos.

c) Persoas candidatas maiores de 45 anos: 0.6 puntos.

d) Persoas mozas, especialmente con baixa cualificación: 0.5 puntos.

e) Persoas que acrediten unha discapacidade física ou sensorial superior ao 65% ou persoas con discapacidade que presenten maiores dificultades de acceso ao mercado de traballo nos termos recollidos no último parágrafo do artigo 50.1 da Lei 3/2023, de 28 de febreiro, de emprego. 0.4 puntos.

f) Vítimas de violencia de xénero: 0.3 puntos.

g) Persoas candidatas que formen unha familia monoparental de nai ou de pai con fillas ou fillos ao seu cargo: 0.2 puntos.

h) Persoas candidatas con niveis de renda máis baixa. 0.1 puntos.

NOVENA. CUALIFICACIÓNS FINAIS, PROPOSTA DO TRIBUNAL, PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO





Concello de Campo Lameiro

Concluídas as probas, o tribunal fará pública, no taboleiro de anuncios, a relación de aspirantes que a superasen, indicando a puntuación obtida. Os/ás aspirantes non incluídos na lista terán a consideración de "non aptos".

Os aspirantes disporán de un día natural dende a súa publicación para poder presentar as alegacións que xulguen convenientes para a defensa dos seus intereses. Será o tribunal cualificador quen resolva as alegacións presentadas. .

Concluídas as probas, elevarase ao órgano competente proposta de candidatos para a formalización dos contratos, que en ningún caso poderá exceder do número de prazas convocadas. Calquera proposta de aprobados que contraveña o anteriormente establecido será nula de pleno dereito.

O órgano competente procederá á formalización dos contratos previa xustificación das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria

Os aspirantes propostos para a súa contratación laboral temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, deberán presentar a documentación acreditativa de cumprir requisitos esixidos na base segunda desta convocatoria.

No caso de que a persoa seleccionada non reunise os requisitos necesarios para a contratación ou renunciase á mesma, poderá ser substituída pola seguinte da relación do proceso selectivo, situación que sucederá igual no caso de ser necesario cubrir algunha praza por razóns de baixa, enfermidade, etc., utilizando para iso a modalidade de contratación laboral apropiada para cada caso.

No caso de quedar deserto o proceso selectivo por non superar ningún aspirante a proba ou por non presentarse ningún a esta, o Sr. alcalde queda autorizado a convocalo novamente cantas veces fose necesario, de conformidade coas presentes bases.

DÉCIMA. FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE TRABALLO OU LISTA DE RESERVA

Todas as persoas que superen o proceso de selección e non resulten contratadas, serán incluídas nunha bolsa de traballo para as futuras contratacións que resulten necesarias a fin de cubrir vacantes temporalmente debidas a baixas por enfermidade, maternidade e demais; ordenadas segundo a puntuación obtida.

O integrante da bolsa que obteña un contrato de traballo causará baixa na bolsa

A renuncia a un posto de traballo ofertado suporá o pase do aspirante ao último lugar da bolsa de emprego, salvo que concorran unha das seguintes circunstancias:

- Parto, baixa por maternidade ou situacións asimiladas
- Enfermidade grave que impida a asistencia ao traballo, sempre que se acredite debidamente
- Exercicio de cargo público representativo que imposibilite a asistencia ao traballo

Esta bolsa de emprego terá unha vixencia máxima ata o 31 de decembro de 2024

INCIDENCIAS E PROTECCIÓN DE DATOS

O tribunal de cada proceso selectivo queda facultado para interpretar as bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación e poderán adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

Os/as aspirantes, para os distintos actos de trámite que se deriven do proceso selectivo e que conteñan datos de carácter persoal, coa sinatura da súa solicitude de participación, dan o seu consentimento para que a Administración actuante proceda ao seu tratamento para o desenvolvemento do proceso selectivo de conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, de Protección de Datos de Carácter Persoal. Os datos pasarán a formar parte dun ficheiro xestionado CONCELLO DE





Concello de Campo Lameiro

CAMPO LAMEIRO, con sede na Praza da Provincia de Pontevedra nº 1. 36110 CAMPO LAMEIRO, onde poderá exercitar en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, no seu caso, o de oposición dirixindo á Secretaría solicitude asinada por escrito xunto cunha fotocopia do seu DNI.

Mediante a participación no referido proceso, os titulares consenten o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes de candidatos, a cualificación de probas e avaliación dos candidatos, así como a provisión de postos e confección do banco de datos ou lista de espera.

Así mesmo, os participantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición nos taboleiros de anuncios e na páxina web deste Concello aos efectos de dar a publicidade esixida ao procedemento de contratación, aos representantes dos traballadores, así como aquelas cesións autorizadas nunha norma con rango de lei

RÉXIME XURÍDICO.

O proceso selectivo regularanse polo disposto nestas bases e no non previsto nelas de acordo co establecido na lexislación vixente de aplicación. As bases xerais da convocatoria e cantos actos administrativos deriven delas e das actuacións dos tribunais poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, do 1 de Outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. A administración local tamén poderá, no seu caso, revisar as resolucións dos tribunais segundo o previsto na citada Lei.

No non previsto nas Bases, aplicarase supletoriamente a lei 7/1985, de 2 de abril, a lei 7/2007 de 12 de Abril, o Real Decreto 896/91, o Real Decreto 364/95, de 10 de marzo, e o estatuto dos traballadores.

DISPOSICIÓN FINAL.

As bases da convocatoria e cantos actos administrativos deriven delas e das actuacións dos tribunais poderán ser impugnadas nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así como pola Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE





Concello de Campo Lameiro

ANEXO I

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO SELECTIVO. PLAN DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS (PLAN CONCELLOS) 2023	A CUBRIR POLA ADMINISTRACIÓN	
	Núm. Expediente 92/2024 Modelo	Núm. Rexistro Data

DATOS DO SOLICITANTE			
Nome e apelidos		DNI	
Enderezo			
Código postal	Email		
Teléfono	Móbil	Fax	
Posto	Régime laboral		
	Temporal		

EXPÓN:

Que convocado pola Oficina de emprego de Pontevedra-Bisbarra para a convocatoria de probas selectivas para a contratación laboral temporal de (Bases de selección para a contratación de traballadores a través do plan concellos da Deputación de Pontevedra 2024, liña 3: emprego para a conservación e o funcionamento de bens e servizos municipais)

E DECLARO:

- 1.- Que coñezo o contido das Bases Reguladoras da Convocatoria e que cumpro todos e cada un dos requisitos esixidos nas mesmas.
- 2.- Que son desempleado/a inscrito/a no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupado/a, e estou dispoñible para o emprego na data en que finalice o prazo de presentación de instancias.
- 3.- Que non me atopo incurso/a en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade que determine a lexislación vixente, e que non fun separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, e que non me atopo inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas, e que non fun condenado/a por delito doloso.
- 4.- Que posúo a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do posto ao que aspiro.
- 5.- Que a documentación presentada correspondese fielmente cós seus respectivos orixinais.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA XUNTO COA SOLICITUDE: (marcar cun X)

- Carta de presentación da Oficina de Emprego
- Fotocopia do D.N.I.
- Documento de afiliación á Seguridade Social





Concello de Campo Lameiro

- Tarxeta de inscrición como demandante de emprego.
- Vida laboral
- Declaración xurada do cumprimento dos criterios sociais (Anexo II)
- Documentación acreditativa dos méritos (Libro de familia, certificado de minusvalía, etc.)

En conclusión ao exposto,

SOLICITO

Que sexa admitida esta solicitude para as probas de selección de persoal referenciada e declaro baixo a miña responsabilidade ser certos os datos que se consignan

En Campo Lameiro, ade de 2024

O solicitante,

Asdo.: _____.

ALCALDE DO CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO

De conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, de Protección de Datos de Carácter Persoal, esta Administración infórmalle que os datos de carácter persoal que se obteñan da súa solicitude serán incorporados e tratados de forma segura e confidencial nos correspondentes ficheiros. A recollida e tratamento dos datos ten como fin o exercicio, por parte desta Administración, das funcións e competencias atribuídas legalmente, incluídas as relativas á comunicación, notificación e calquera outra actuación que se derive das relacións xurídico-administrativas levadas a cabo nesta Administración e das que vostede sexa titular; así como a formación e mantemento dos propios ficheiros. Se o desexa, pode acceder aos datos facilitados, así como solicitar, de ser o caso, a rectificación, oposición ou cancelación, dirixindo comunicación escrita a esta Administración: Praza da Provincia de Pontevedra, 1, 36110, Campo Lameiro, (Pontevedra).





Concello de Campo Lameiro

ANEXO II

DATOS DO SOLICITANTE	
Nome e apelidos	NIF
_____	_____

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE

1. Que levo mais de 12 meses inscrito/a na Oficina de Emprego de xeito ininterrompido
2. Que son muller de baixa cualificación segundo as bases desta convocatoria.
3. Que teño mais de 45 anos
4. Que son menor de 31 anos e de baixa cualificación segundo as bases desta convocatoria.
5. Que teño minusvalía recoñecida do 65% ou superior, ou de 33% nos casos contemplados no artigo 50.1 da Lei 3/2023, de 28 de febreiro de emprego.
6. Que son vítima de violencia de xénero.
7. Que formo parte dunha familia monoparental con fillos/as a cargo-
8. Que os ingresos durante o ano 2023 da miña unidade de convivencia foron inferiores aos 700 euros mensuais de media.
9. Que de existir algunha circunstancia específica de importancia para a valoración dos criterios sociais dentro deste proceso selectivo, comunicareino ao Tribunal de forma inmediata, achegando un escrito e/ou informe elaborado polos organismos competentes nesta area.
10. Que, mediante a sinatura desta declaración xurada, autorizo ao Tribunal a solicitar, no seu caso calquera documentación que considere oportuna para acreditar e/ou validar os datos contidos nela.
11. Que mediante a sinatura deste documento me responsabilizo da veracidade de todos os datos que recolle e asumo as posibles consecuencias derivadas da falsidade e/ou ocultación de información

Visto estes antecedentes, e polo que **SOLICITO**:

Que se teña por presentada esta declaración xurada como documentación obrigatoria do proceso selectivo.

En Campo Lameiro, ade de 2024

O solicitante,

Asdo.: _____.

